



UNIVERSIDADE
DE VIGO

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de abril de 2019 na sala de xuntas do edificio Ernestina Otero, 3^a planta, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de marzo de 2019.
- * Aprobación da proposta de medidas de acción positiva nas convocatorias propias de avaliación do PDI na Universidade de Vigo.
- * Aprobación do calendario académico para o curso 2019/2020.
- * Modificación do artigo 5 da Normativa para a elección de Decanos/as e Directores/as de Centro.
- * Aprobación do Regulamento da Sede Electrónica da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo.
- * Aprobación das normas provisionais de cambio de adscrición de Campus na Universidade de Vigo.
- * Aprobación da composición de catro comisións dos grupos de traballo para o mantemento do selo HR.
- * Aprobación da convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na spin-off Áncora, xurdida tralo financiamento do programa Ignicia.
- * Aprobación da proposta de parámetros de ponderación de materias para as ABAU 2019.
- * Aprobación do modelo de convenio de colaboración para o desenvolvemento de programas de voluntariado, así como o seu modelo de addenda-anexo ao convenio.

Vigo, 30 de abril de 2019

O Secretario Xeral

Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produzca a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.